

## REGULAMENTO XERAL ADULTOS

A Concellería de Deportes do Concello de Lugo organiza a XVI Edición do Circuito de Carreiras Populares Larsa Corre con Nós cuas probas se celebrarán baixo o seguinte Regulamento e datas:

### 1.- DATAS DAS PROBAS ADULTOS 2016

| CARREIRA       | DATA                           | HORA    | PROBA                                      | SAIDA            | OUTROS   |
|----------------|--------------------------------|---------|--|------------------|--|
| 1ª<br>CARREIRA | SABADO<br>16 XANEIRO<br>2016   | 18:00 H | NOCTURNA MONUMENTAL<br>(SAIDA PRAZA MAIOR) | 19:00<br>ADULTOS | DUCHAS<br>PISTAS ATLETISMO<br>CIUDAD CULTURAL<br>APARCADOIRO E |
| 2ª<br>CARREIRA | DOMINGO<br>14 FEBREIRO<br>2016 | 12:00 H | ESTRADA RIO RATO<br>SAIDA TOLDA            | 12:00<br>MENORES | DUCHAS<br>PISTAS ATLETISMO<br>GREGORIO PEREZ<br>RIVERA         |
| 3ª<br>CARREIRA | DOMINGO<br>13 MARZO<br>2016    | 12:00 H | C.C. AS TERMAS                             | 12:00<br>MENORES | DUCHAS<br>PISCINA<br>FRIGSA                                    |
| 4ª<br>CARREIRA | DOMINGO<br>17 ABRIL<br>2016    | 12:00 H | PASEO OMBREIRO<br>(SAAMASAS-ANXO CARRO)    | 12:00<br>MENORES | DUCHAS<br>POLIDEPORTIVO<br>PALOMAR                             |
| 5ª<br>CARREIRA | SABADO<br>07 MAIO<br>2016      | 17:00 H | RECINTO FEIRAL                             | 17:00<br>MENORES | DUCHAS<br>POLIDEPORTIVO<br>PALOMAR                             |
| 6ª<br>CARREIRA | DOMINGO<br>5 XUÑO<br>2016      | 12:00 H | FINAL ADULTOS<br>PARQUE DE FRIGSA          | 12:00<br>ADULTOS | DUCHAS<br>PISCINA FRIGSA                                       |

### 2.- CATEGORÍAS ADULTOS 2016

- CATEGORIA "E" : 1995 - 2000
- CATEGORIA "F" : 1990 - 1994
- CATEGORIA "G" : 1985 - 1989
- CATEGORIA "H" : 1980 - 1984
- CATEGORIA "I" : 1975 - 1979
- CATEGORIA "J" : 1970 - 1974
- CATEGORIA "K" : 1965 - 1969
- CATEGORIA "L" : 1960 - 1964
- CATEGORIA "M" : 1955 - 1959
- CATEGORIA "N" : 1954 e ANTERIORES

### 3.- REGULAMENTO ADULTOS 2016

- Circuito formado por 6 probas.
- Poderán participar nestas probas todas as persoas nadas en 2000 e anteriores.

#### 3.1.-INSCRICIÓNS

- Inscricións para a **PRIMEIRA proba** do ata o Martes 12 de Xaneiro de 2016 ás 14:00 h.
- Despois desta primeira proba, novas Inscricións** ata as 23:00 h do **MÉRCORES** anterior a cada unha das probas
  - o Poderá ser modificada tal data por parte da Organización, anunciándoo previamente.
- En [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

#### 3.2.- RECOLLIDA DE DORSAIS

- Para a primeira proba:
  - o O/a atleta no formulario de inscrición da páxina web de Championchipnorte.com indicará na mesma cal será a súa elección para recoller o dorsal.
    - Envío directo a domicilio
    - Envío á localidade para recoller nunha tenda específica
    - Centro Comercial As Termas SABADO 16 DE XANEIRO DE 2016 de 10:00 h a 14:00 h
    - **NON SE ENTREGARÁN DORSAIS O MESMO DIA DAS CARREIRAS POR CUESTIÓNS DE ORGANIZACIÓN.**
- Para o resto das probas informarase previamente e especificarase para cada carreira polo que os/as novos/as corredores/as estarán atentos ás informacións na páxina de ChampionchipNorte.com e nos seus correos electrónicos.

### 3.3.- RECOLLIDA DE CHIPS

- ☑ **Se non tes CHIP doutros anos**, e o adquiriches por Internet, deberás de recollelo xunto co teu dorsal nas mesmas datas.

### 3.4.- OBRIGATORIEDADE DE PORTAR O CHIP E O DORSAL EN CADA PROBA

- ☑ Hai un ÚNICO dorsal para todo o circuíto que se recollerá unicamente na primeira proba do mesmo na que se participe, **E OBRIGATORIO LEVAR O DORSAL EN TODAS AS PROBAS**, e non alterar nin manipular o mesmo tapando ou ocultando parte da publicidade impresa, podendo no caso contrario a Organización descualificar ao/á corredor/a.
- ☑ **Para participar neste circuíto é OBRIGATORIO** portar en cada carreira o chip de Championship para poder saír nas clasificacións ( se non o tes poderalo *adquirir ou facer a túa inscrición no circuíto na páxina de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)* por un precio de 20 € ) e tamén portar o dorsal claramente colocado na parte frontal da camiseta.
- ☑ **O atleta que non porte o chip** non poderá entrar na clasificación da proba e non lle contará de ningún xeito para a clasificación final do circuíto.
- ☑ **O atleta que non porte o dorsal**, non terá dereito ó avituallamento final de carreira e deberá desviarse do embudo final o rematar a súa carreira pois non poderá ser identificado pola organización como participante do circuíto Larsa Corre con Nós, podendo chegar a ser descualificado se así o estima a organización de carreira por non cumprir o regulamento.
- ☑ **Os CHIPS son persoais e intransferibles** polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta que foi suplantado/a , anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.
- ☑ **No caso de Perda do Chip**, o/a atleta poderá mercar outro a través da páxina de Championship o mesmo prezo de 20 € adultos / 5€ menores (aluguer).
- ☑ **No caso de Perda ou Rotura de Dorsal**, poderá solicitar un segundo dorsal dentro dos prazos para novas inscricións indicadas para cada proba á Concellería de Deportes en [deportes@concellodelugo.org](mailto:deportes@concellodelugo.org).

### 3.5.- CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL

- Para puntuar neste circuÍto terás que participar en 5 das 6 probas que compoñen o circuÍto.
- Se corres 6 probas poderás descartar unha carreira, e puntuarás cos teus mellores 5 resultados para a xeral individual.
- En caso de empate entre atletas para a xeral final:
  - o Maior número de probas disputadas
  - o Mellor resultado nas carreiras disputadas
  - o Mellor resultado na proba final ( Frigsa ).
- A CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL PUBLICADA, será a definitiva da proba formada polos corredores e corredoras participantes na mesma.
- Haberá unha CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL MASCULINA e unha CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL FEMININA .

### 3.6.- CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL POR CATEGORÍAS

- Este circuÍto será puntuable en cada carreira en función da clasificación por categorías.
- Para entrar na clasificación final deberá de participar polo menos en 5 das 6 probas que compoñen o circuÍto para poder optar os premios finais para os/as tres primeiros/as de cada categoría.
- A puntuación alcanzada irá en función do posto acadado en cada unha das probas: 1º-1 pto / 2º - 2 ptos / 3º - 3 ptos..... de xeito que a puntuación canto menor sexa significará mellor posición na clasificación individual.
- Se o/a atleta finaliza todas as probas descartará automaticamente o peor posto puntuando cos mellores cinco resultados acadados.
- Ao rematar a derradeira proba do circuÍto ( Frigsa )

### 3.7.- CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS

- ☑ Habará Clasificación por Equipos nas diferentes categorías:
  - **XERAL EQUIPOS MASCULINOS** : puntúan 6 homes
  - **XERAL EQUIPOS FEMININOS** : puntúan 6 mulleres
  - **XERAL EQUIPOS MIXTOS** : puntúan 3 Homes + 3 Mulleres
- ☑ O formar parte dun equipo Masculino ou Feminino descarta o/a atleta para formar parte dun Mixto e viceversa.
- ☑ Para puntuar en cada carreira deberán de facelo cun mínimo de **atletas tal como se define**.
- ☑ O equipo deberá de puntuar nas 6 carreiras do circuito.
  - A través da plataforma de Championship: EQUIPOS NO CCNOS
- ☑ O/A atleta debera de seguir os pasos da plataforma para darse de alta nun equipo sempre habéndose dado de alta previamente como atleta en [Championshipnorte.com](http://Championshipnorte.com)
- ☑ O prazo para a configuración dos equipos remata o **Martes 12 de XANEIRO de 2016**, o equipo que figure ese día na conta do atleta é o que pasará a formar parte durante todo o circuito sen posibilidade de cambios nin rectificacións pois a plataforma non o permitirá.
- ☑ As/os atletas na súa inscrición deberán de reflexar o mesmo nome de equipo para que se faga efectivo na clasificación.
- ☑ As atletas femininas puntúan por postos dentro da xeral feminina e os atletas masculinos o mesmo na xeral masculina.
- ☑ **O/A ATLETA QUE NON PORTE DORSAL OFICIAL OU O TEÑA MANIPULADO NA SÚA ENTRADA A META, poderá ser descalificado e eliminado da clasificación por equipos, polo que pasará a puntuar o seguinte compoñente que entre en meta.**
- ☑ Os tres primeiros equipos clasificados de cada categoría do circuito terán trofeo na cerimonia final do mesmo ( Proba de Frigsa ).

### 3.8.- RESULTADOS DE CADA CARREIRA

- Os/as atletas poderán comprobar o seu resultado **escaneando** no seu dorsal o **código QR** mediante o seu teléfono móbil.
- Aparecerán o mesmo día da proba na páxina [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) , e posteriormente publicaranse as clasificacións xerais e por categorías.

### 3.9.-PREMIOS Á PARTICIPACIÓN NO CIRCUÍTO

- O longo do circuítO os nosos patrocinadores sortearán entre todos/as os/as participantes adultos chegados/as á meta, diversos agasallos que serán anunciados coincidindo coa publicación dos resultados

### 3.10.-OBSERVACIÓNS FINAIS

- **O FEITO DE INSCRIBIRSE NESTA CARREIRA IMPLICA A ACEPTACIÓN DESTE REGULAMENTO e declara recoñecer e aceptar que a Organización poderá facer uso das imaxes das probas con fins puramente informativos e promocionais do evento.**

- Todos os participantes, estarán cubertos por un seguro da proba

-De acordo co que establece a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, da protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo nas direccións indicadas na ficha de inscrición

-Os organizadores e colaboradores das probas non se farán responsables dos danos morais, materiais ou persoais que así mesmos e a outras persoas ocasionen ós participantes das carreiras.

- Dado o carácter estritamente deportivo e popular destas probas, non se admitirán reclamacións sobre os resultados das carreiras. A participación leva implícita a aceptación do Regulamento do circuítO CCNOS.

- A partir da segunda proba poderán inscribirse todos/as os novos/as atletas que queiran segundo as condicións anteriormente expostas no regulamento, e sempre e cando haxa dispoñibilidade de dorsais e chips.

A Concellería de Deportes do Concello de Lugo organiza a XVI Edición do Circuito de Carreiras Populares Larsa Corre con Nós cuxas probas se celebrarán baixo o seguinte Regulamento e datas:

## DATAS PROBAS MENORES 2016

| CARREIRA       | DATA                           | HORA    | PROBA                                      | SAIDA            | OUTROS   |
|----------------|--------------------------------|---------|--|------------------|--|
| 1ª<br>CARREIRA | SABADO<br>16 XANEIRO<br>2016   | 18:00 H | NOCTURNA MONUMENTAL<br>(SAIDA PRAZA MAIOR) | 18:00<br>MENORES | DUCHAS<br>PISTAS ATLETISMO<br>CIUDAD CULTURAL<br>APARCADOIRO E |
| 2ª<br>CARREIRA | DOMINGO<br>14 FEBREIRO<br>2016 | 12:00 H | ESTRADA RIO RATO<br>SAIDA TOLDA            | 12:00<br>MENORES | DUCHAS<br>PISTAS ATLETISMO<br>GREGORIO PEREZ<br>RIVERA         |
| 3ª<br>CARREIRA | DOMINGO<br>13 MARZO<br>2016    | 12:00 H | C.C. AS TERMAS                             | 12:00<br>MENORES | DUCHAS<br>PISCINA<br>FRIGSA                                    |
| 4ª<br>CARREIRA | DOMINGO<br>17 ABRIL<br>2016    | 12:00 H | PASEO OMBREIRO<br>(SAAMASAS-ANXO CARRO)    | 12:00<br>MENORES | DUCHAS<br>POLIDEPORTIVO<br>PALOMAR                             |
| 5ª<br>CARREIRA | SABADO<br>07 MAIO<br>2016      | 17:00 H | RECINTO FEIRAL                             | 17:00<br>MENORES | DUCHAS<br>POLIDEPORTIVO<br>PALOMAR                             |
| 6ª<br>CARREIRA | SÁBADO<br>04 XUÑO<br>2016      | 17:00 H | FINAL MENORES<br>PISTAS CIUDAD CULTURAL    | 17:00<br>MENORES | DUCHAS<br>PISTAS C.C.  |

## CATEGORÍAS MENORES CIRCUITO 2015 – 2016

|  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>CATEGORIA "MINI"</u> : 2010 – 2011 .....(SEN CHIP)<br/><b>CATEGORIA NON COMPETITIVA, SEN CLASIFICACIÓN, SEN TROFEOS</b></li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>CATEGORIA "A"</u> : 2007 – 2008 – 2009.....CHIP VERDE</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>CATEGORIA "B"</u> : 2004 – 2005 – 2006.....CHIP VERDE</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>CATEGORIA "C"</u> : 2001 – 2002 - 2003.....CHIP VERDE</li> </ul>   |

## REGULAMENTO MENORES CIRCUITO 2016

- Circuito formado por 6 probas
- Poderán participar nestas probas os/as atletas nados/as entre os anos 2001 e 2011 ambos inclusive.

### 1.-INSCRICIÓNS NA WEB CHAMPIONCHIPNORTE.COM

- Inscricións para a **PRIMEIRA** proba ata ó Martes 12 de Xaneiro de 2016 ás 14:00 h .
- Novas Inscricións** ata as 23:00 h do mércores anterior a cada unha das probas.
- En [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

### 2.- RECOLLIDA DE DORSAIS

- Para a primeira proba:
  - o O/a atleta no formulario de inscrición da páxina de Championchipnorte.com indicará na mesma cal será a súa elección para recoller o dorsal.
    - Envío directo a domicilio
    - Envío á localidade para recoller nunha tenda específica
    - **Centro Comercial As Termas SABADO 16 DE XANEIRO** de 10:00 h a 14:00 h
    - **NON SE ENTREGARÁN DORSAIS O MESMO DIA DA CARREIRA**
- Para **o resto das probas a partires da segunda carreira** os/as atletas estarán atentos/as as informacións de cada proba.



### 3.- USO DE CHIP POLAS CATEGORÍAS A – B – C

- Todas as categorías exceptuando a MINI terán que levar un CHIP Championship Verde que alugarán no momento da inscrición.
- Deberán de aboar unha FIANZA RESPONSABLE de 5 € no momento da inscrición por internet.
- Na derradeira proba do circuíto deberá de devolverse o Chip Verde , unha vez finalice a mesma e feita a comprobación por parte de ChampionshipNorte posteriormente a partires do 30 de xuño de 2016 seranlle devoltos os 5 € da fianza que aportou polo mesmo sistema polo que os pagou.
- A perda do chip conlevará á perda da fianza e o/a atleta terá que voltar a alugar un novo chip por internet na páxina de [championshipnorte.com](http://championshipnorte.com)
- Os chips recolleranse xunto co dorsal antes da primeira proba que o/a atleta vaia a disputar e seguindo os prazos marcados pola organización.

### 4.- OBRIGATORIEDADE DE PORTAR O CHIP E O DORSAL EN CADA PROBA

- Hai un **ÚNICO** dorsal para todo o circuíto que se recollerá unicamente na primeira proba do mesmo na que se participe.
- Para participar neste circuíto é obrigatorio** portar en cada carreira o **chip** de Championship para poder saír nas clasificacións e tamén portar o **dorsal** claramente colocado na parte frontal da camiseta.
- O atleta que non porte o chip** non poderá entrar na clasificación da proba e non lle contará de ningún xeito para a clasificación final do circuíto.
- O atleta que non porte o dorsal**, poderá quedar sin ó avituallamento final de carreira e deberá de desviarse do embudo final o rematar a súa carreira pois non poderá ser identificado pola organización como participante do circuíto Larsa Corre con Nós, podendo chegar a ser descalificado se así o estima a dirección de carreira por non cumprir o regulamento.

- ☑ Os CHIPS son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta que foi suplantado/a , anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.
- ☑ No caso de Pérdá ou Rotura de Dorsal, poderá solicitar un segundo dorsal dentro dos prazos para novas inscricións indicadas para cada proba.

#### 5.- CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL DE CADA PROBA SÓ PARA CAT: A-B-C-D

- ☑ Dentro de cada categoría recibirán trofeo e medallas despois de cada proba disputada:
  - 1<sup>o</sup>/2<sup>a</sup> - TROFEO
  - 2<sup>o</sup>/2<sup>a</sup> – MEDALLA
  - 3<sup>o</sup>/3<sup>a</sup> – MEDALLA

#### 8.- RESULTADOS DE CADA CARREIRA

- ☑ Aparecerán o mesmo día da proba na páxina [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)
- ☑ A categoría Mini como ten clasificación manual, tardará dous días máis e serán publicadas polos medios previstos pola organización.

- Coa aceptación do presente regulamento e a inscrición do/a menor por parte dun adulto responsable, acéptase o uso das imaxes obtidas nas distintas probas con un fin soamente publicitario e promocional do circuíto e os seus resultados.

-Os organizadores e colaboradores das probas non se farán responsables dos danos morais, materiais ou persoais que así mesmos e a outras persoas ocasionen ós participantes das carreiras.

- Dado o carácter estritamente deportivo e popular destas probas, non se admitirán reclamacións sobre os resultados das carreiras. A participación leva implícita a aceptación do Regulamento do circuíto CCNOS.

- A partir da segunda proba poderán inscribirse todos/as os novos/as atletas que queiran segundo as condicións anteriormente expostas no regulamento, e sempre e cando haxa dispoñibilidade de dorsais e chips.